

## CAPÍTULO V. Información Urbanística

### Art. 47. Publicidade do planeamento

O principio de publicidade do planeamento faise efectivo mediante os seguintes tipos de información urbanística:

- a) Consulta directa do planeamento.
- b) Consultas previas.
- c) Informes urbanísticos.

### Art. 48. Consulta directa

1. Toda persoa ten dereito a tomar vista por si mesma e gratuitamente da documentación integrante do Plan Xeral e dos instrumentos de desenvolvemento do mesmo nos lugares e coas condicións de funcionamento do servizo fixadas ó efecto. O persoal encargado prestará auxilio ós consultantes para a localización dos documentos do seu interese. Facilitarase ó público a obtención de copias dos documentos do planeamento vixente, nos prazos e, de se-lo caso, co custo que se estableza ó efecto.
2. Para os efectos do previsto neste artigo, os locais de consulta disporán de copias íntegras e auténticas de toda a documentación dos Plans e os seus documentos anexos e complementarios, debidamente actualizados e con constancia dos respectivos actos de aprobación definitiva, así como os de aprobación inicial e provisional das súas eventuais modificacións en curso. Estarán así mesmo dispoñibles relacións detalladas dos Estudos de Detalle aprobados, das delimitacións de polígonos, dos proxectos ou licencias de parcelación aprobados ou concedidas e dos expedientes de reparcelación e compensación aprobados ou en trámite.
3. Así mesmo formalizarase o Libro Rexistro previsto no artigo 166 do Regulamento de Planeamento, onde se inscribirán os acordos de aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento e xestión, así como as resolucións administrativas e sentencias que lles afecten.

### Art. 49. Consultas previas

Poderán formularse consultas previas á petición de licencia, sobre as características e condicións ás que debe de axustarse unha obra determinada. A consulta, cando así o requira o seu obxecto, deberá acompañarse de anteproxecto ou esbozo suficiente para a súa comprensión.

### Art. 50. Informes urbanísticos

Toda persoa pode solicitar por escrito informe sobre o réxime urbanístico aplicable a unha finca ou ámbito do termo municipal, que deberá emitirse polo órgano ou servizo municipal determinado para tal efecto. A solicitude de informe deberá acompañar plano de emprazamento da finca ou ámbito sobre cartografía oficial municipal. Os servizos municipais poderán requirir ó consultante cantos outros datos de localización ou antecedentes da consulta fosen precisos.

#### **Art. 51. Cédulas urbanísticas**

O Concello poderá crear mediante a correspondente Ordenanza a Cédula urbanística acreditativa das circunstancias urbanísticas das fincas comprendidas no termo municipal. As cédulas expediranse a solicitude do propietario da finca ou de titulares de opcións de compra sobre as mesmas, que acreditarán a súa condición de tales e acompañarán plano de emprazamento sobre cartografía oficial e cantos datos de identificación sexan requiridos polos servicios municipais.

Unha vez creada, a cédula será esixible para a parcelación, edificación ou calquera utilización urbanística dos predios, tanto provisional coma definitiva.

A cédula urbanística fará referencia non só ás circunstancias precisadas no art. 168 RP senón tamén:

- a) Á situación da finca na Cartografía Oficial e con relación ós plans de ordenación.
- b) Ó grao de urbanización.
- c) Ó proceso de modificación ou revisión do planeamento, cando este se atope sometido ó mesmo.